

# Concelleiros represaliados

Nome

Cargo antes 36

Cargo na FP

Filiación

Categoría

## Arbo

José Sobreira Fernández

Concelleiro

Sancionado

Expediente de depuración co resultado de separación do servizo e baixa no escalafón (11-5-1940).

Telmo Rodríguez Alonso

Concelleiro

IR

Asasinado

Morte rexistrada en Tenorio-Cotobade. Inscripción da defunción o 21-12-1939 no Rexistro Civil de Arbo.

José de Francisco Vilas

Concelleiro

Encarcerado

Preso en San Simón durante 2 anos e 8 meses.

Antonio Méndez Parada

Concelleiro

Encarcerado

Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a prisión 16 anos.

## Baiona

Bernardo Seoane Vázquez

Concelleiro

Encarcerado

Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a prisión 15 anos.

Luis López Luis

Concelleiro

Asasinado

Morte rexistrada en Sabarís-Baiona a causa de hemorraxia intracranéana. Previamente xulgado en Vigo por rebelión militar en proceso incoado o 25-7-1936 co resultado de sobresemento definitivo.

Benito Ramallo Gómez

Concelleiro

PSOE

Sancionado

Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sobresemento provisional. Separado do servizo e baixa no escalafón o 11-05-1940.

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Armando Rodríguez Rodríguez		Concelleiro		Sancionado
Expediente de depuración co resultado de suspensión de emprego e soldo.				

Agustín Villafines González		Concelleiro	Partido Sindic	Encarcerado
Preso no campo de concentración da Illa de San Simón. Ao saír, marchou para Argentina.				

Manuel Cabrera Pebreño		Concelleiro	PCE	Procesado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sobresemento provisional.				

## Barro

Castor Castro Cancela	Concelleiro	Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a prisión 15 anos. Posteriormente conmutación a 3 anos 8 meses de prisión menor.				

Domíngos Padín Carballo	Alcalde, Concelleiro	Concelleiro		Fuxido
Concelleiro e dirixente republicano de esquerdas foi unha figura relevante desa época no noso Concello. Perseguido polos falanxistas estivo fuxido durante varios anos. Segundo testemuñas, houbo un cura que ofreceu recompensa pola súa captura. Morreu a pri				

Manuel Rivas Mourente	Concelleiro	Concelleiro		Outros
Concelleiro e dirixente republicano, presidente de Unión Republicana no noso Concello. Durante anos conservou a camisa ensanguentada por unha malleira recibida dos falanxistas ós que enfrontou valorosamente. Fonte: Revista A Barrosa				

## Bueu

Francisco Escáneo Franco	Concelleiro	Concelleiro	PG	Asasinado
Morte rexistrada nas inmediacións do Cemiterio Municipal de Marín a causa de disparo de arma de fogo. Inscrito inicialmente coma un cadáver desoñecido e identificado o 20-3-1981.				

José Gómez de la Cueva		Alcalde	PG	Asasinado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Execución no km. 1 da Avenida de Uruguai, Pontevedra.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
José Bernárdez Santaclara		Concelleiro	UGT	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por adhesión á rebelión co resultado de sentenza a cadea perpetua e inhabilitación absoluta. Prisión atenuada en 1940. Conmutación a 4 anos en decembro de 1942.				
Francisco Piñeiro Barreiro		Concelleiro		Asasinado
Morte en Pontesampaio por arma de fogo.				
Francisco Villanueva Gonzál		Concelleiro		Asasinado
Morte no traslado de prisión no matadoiro de Marín.				
Francisco Padín Novas		Concelleiro	UGT	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por adhesión á rebelión co resultado de sentenza a cadea perpetua e inhabilitación. Prisión atenuada en setembro de 1940. Conmutación a 4 anos en decembro de 1942.				

### Bueu/Pontevedra

José de la Torre López	Concelleiro	Concelleiro	PCE	Asasinado
Rexistrado morto en Pontevedra a causa de disparo de arma de fogo que lle ocasionou destrución craneana. Lugar de aparición do cadáver: Lugar da Ermida-Marcón, cuneta da estrada que vai a Pontecaldelas				

### Caldas de Reis

Andrés Muñiz Landrove		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Concesión da prisión atenuada o 3-9-1940.				

Jesús Rosende González		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.				

Joaquín Blanco Vázquez	Concelleiro	Concelleiro		Asasinado
Rexistrado morto en Pontevedra a causa de catro feridas de arma de fogo portátil. Lugar de aparición do cadáver: Pontevedra				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
José Torrado Ortigueira		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.				
Manuel García Argibay		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.				
Pablo Piñeiro Vázquez		Concelleiro		Fuxido
Xulgado en Pontevedra por auxilio á rebelión co resultado de declaración en rebeldía.				
<b>Cambados</b>				
Manuel Padín Rey		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Posteriormente conmutación a 5 anos de prisión menor.				
Peregrino Pontevedra Gonzá		Concelleiro	CNT	Asasinado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Morte na fuga do Forte de S. Cristobal-Pamplona.				
Ramón Trigo Domínguez		Concelleiro	IR	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Conmutación a 3 anos 6 meses e extinción da pena o 09-05-1940.				
José Manuel Silva Losada		Alcalde	PSOE	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Conmutación a 4 anos o 12-12-1942.				
Elías Porto Trigo	Concelleiro		Partido Radic	Procesado
Xulgado en Pontevedra por auxilio á rebelión co resultado de sobresemento.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Joaquín Serantes Núñez		Concelleiro	IR	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Conmutación e extinción da pena o 09-05-1940.				

José Varela Oubiña		Concelleiro	UGT	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua e inhabilitación absoluta.				

## Campo Lameiro

Adolfo Caeiro García	Concelleiro	Concelleiro	IR	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a prisión 12 anos. Conmutación o 28-06-1940.				

José Campos Villar	Alcalde	Alcalde	IR	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Morte por enfermidade (neoplaxia) na Illa de S. Simón.				

## Cangas

Francisco Secundino Martín		Concelleiro	PRR	Procesado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sobresemento provisional. Ingresado no manicomio de Conxo o 03-03-1937. De volta a casa morre				

Manuel Nores Sotelo	Concelleiro		PSOE, CNT	Encarcerado
Preso ata que pagou unha multa				

Ramón Costas Otero		Concelleiro		Procesado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de absolución.				

Manuel Sotelo Suárez		Concelleiro	CNT	Procesado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de absolución. Marchou para Pasaxes-Guipozcoa.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Lorenzo Santiago Victoriano	Concelleiro		PSOE	Asasinado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Executado en Pontevedra.				
Jesús Barreiro Martínez	Concelleiro		IR	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a prisión 15 anos.				
Antonio Varela Vázquez	Concelleiro		PSOE	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte conmutada por cadea perpetua. Previamente fuxido, agochado en Compostela na casa dun crego.				
Ángel Fernández del Río	Concelleiro		IR	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a prisión 15 anos. Posteriormente conmutación a 3 anos de prisión menor.				
Agustín Jorge Echeverri	Concelleiro	Alcalde	IR	Asasinado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra.				
José-Modesto Rodal Lanzós	Concelleiro		PSOE, CNT	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Conmutación a 4 anos o 12-12-1942.				
<b>Cañiza, A</b>				
Justo Moure Giráldez	Concelleiro		PSOE	Asasinado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado, ás 16, nas inmediacións do castelo do Castro-Vigo, rexistrándose a morte a causa de hemorraxia interna.				
Amador Lorenzo Montero	Concelleiro			Procesado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sobresemento provisorio.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
María Gómez González		Alcalde	IR	Encarcerado
Xulgada en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte conmutada por cadea perpetua.				
Ramón Pérez Lorenzo	Concelleiro		PSOE	Procesado
Xulgado en Vigo por tenencia ilícita de armas co resultado de sobresemento provisional.				
Manuel Pérez Álvarez		Concelleiro	PSOE	Procesado
Xulgado en Vigo por auxilio á rebelión co resultado de absolución e a disposición da autoridade gobernativa.				
Germán Teijeira Moure	Concelleiro			Encarcerado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a 20 anos de prisión.				
Enrique Giráldez Piña		Concelleiro	PSOE	Procesado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sobresemento provisorio.				
Domingo Filgueira Araujo		Concelleiro		Procesado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de absolución.				
Antonio González Fernández		Concelleiro	PSOE	Encarcerado
Xulgado en Vigo por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a prisión 15 anos.				
Domiciano Giráldez Vallejo	Concelleiro			Procesado
Xulgado en Vigo por tenencia ilícita de armas co resultado de sobresemento provisional.				

Carbia

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Antonio Gómez López		Concelleiro	IR	Asasinado
Agochado en Santiago ata o 15 de agosto. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra, rexistrándose a morte a causa de colapso cardíaco.				
Benjamín Salgado Uribe	Alcalde	Alcalde	IR	Encarcerado
Tras fuxir e ser declarado en rebeldía, preséntase en 1945. Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a prisión 12 anos 1 día. Indulto tras sentenza.				
Manuel Souto Penas		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Conmutación a 20 anos.				
Eduardo Brea Cagide		Concelleiro	IR	Asasinado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra e rexistrada a morte a causa de colapso cardíaco.				
<b>Cerdedo</b>				
Severino Bugallo Valiñas	Concelleiro	Concelleiro	IR	Encarcerado
Prisión durante 4 anos a partir de 1941. Salvava de ser asasinado. Agochado e fuxido a Cuba e Estados Unidos de América, de onde volta coas Brigadas Internacionais. Ao remate da guerra no Campo de concentración de Argelès. Fuxido de novo e deportado.				
Manuel Gamallo Bugallo	Concelleiro	Concelleiro	IR	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Liberdade condicional o 21-06-1941.				
Manuel García Beiro	Concelleiro		IR	Encarcerado
Director dunha das bandas de música de Cerdedo; radicouse na Cañiza e ata alí proxectaron se desprazar falanxistas cerdedenses para localizalo e prendelo debido ás súas ideas republicanas.				
Francisco Ferreiro Álvarez	Concelleiro			Sancionado
Foi multado no ano 1938 con 500 pts. pola Delegación de Orden Público de Pontevedra				



Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
------	----------------	-------------	-----------	-----------

Teófilo Otero Valiñas	Concelleiro	Concelleiro		Encarcerado
-----------------------	-------------	-------------	--	-------------

Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a prisión 20 anos. Conmutación e extinción o 30-09-1939.

Manuel Sieiro Sueiro	Concelleiro			Outros
----------------------	-------------	--	--	--------

Torturado por falanxistas por non obedecer ao saúdo fascista.

Jesús Bugallo Merza	Concelleiro	Concelleiro		Exiliado
---------------------	-------------	-------------	--	----------

Fuxido no monte, marcha a Arxentina.

Luciano García Ventín	Concelleiro	Concelleiro	PSOE	Encarcerado
-----------------------	-------------	-------------	------	-------------

Xulgado en Pontevedra. Previamente fuxido. Varios meses en prisión e sofre extorsión.

Laudelino Bugallo Bouzas	Concelleiro		CNT	Outros
--------------------------	-------------	--	-----	--------

Loitou no exército repulicano. Ao remate da guerra volta a Cerdedo, onde é perseguido e torturado.

Sabino Bugallo Valiñas	Concelleiro		IR	Exiliado
------------------------	-------------	--	----	----------

Fuxido no monte, marcha a Cuba e logo Bos Aires a través de Vilagarcía. Incoado expediente de responsabilidades políticas en 1940.

## Cotobade

Antonio Pousada Pérez	Alcalde	Alcalde	IR	Procesado
-----------------------	---------	---------	----	-----------

Xulgado en Pontevedra co resultado de sobresemento provisional e a disposición da autoridade gobernativa.

## Covelo

Frutos Burgos Ramos	Alcalde		IR, FETE-UGT	Exiliado
---------------------	---------	--	--------------	----------

Xulgado en Ferrol por rebelión. Fuxido a Portugal, sen máis novas del. A súa muller e fillos maltratados vense a Covelo. O seu pai ingresado nun campo de concentración en Segovia.

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
------	----------------	-------------	-----------	-----------

### Crecente

Agustín Pérez Alonso

Alcalde

Procesado

Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sobresemento provisorio.

### Cuntis

Manuel Rodríguez Sangiao

Alcalde

Alcalde

IR

Asasinado

Detido, fuxiu do cárcere. Paseado, sen quedar constancia documental da súa morte

Manuel Sueiro Núñez

Concelleiro

Encarcerado

Estivo na cadea

### Dozón

Amadeo Gutiérrez Janeiro

Alcalde

Encarcerado

Detido en 1942 acusado de colaborar coa guerrilla, foi encarcerado na Prisión de Ourense ata 1945

### Estrada, A

José Rodríguez Sangiao

Concelleiro

PCE

Asasinado

Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra, ás 6, no Km. 1 da Avda de Buenos Aires, rexistrándose a morte a causa de hemorraxia interna.

Senén Goldar Rodríguez

Concelleiro

Encarcerado

Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.

Ramón Fernández Rico

Concelleiro

UR

Asasinado

Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado na Xunqueira.

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Manuel Campos Vázquez		Concelleiro	PSOE	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Previamente fuxido.				
José María Pena López	Concelleiro			Asasinado
Xulgado en Pontevedra por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra, ás 6, no Km. 1 da Avda de Buenos Aires, rexistrándose a morte a causa de hemorraxia interna.				
José María Generoso Gómez	Concelleiro	Concelleiro		Asasinado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentencia a pena de morte. Executado en Pontevedra.				
Jesús Ignacio Puente Fontan	Concelleiro	Alcalde	IR	Asasinado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado, ás 6, no Km. 1 da Avda de Buenos Aires, rexistrándose a morte a causa de colapso cardíaco.				
Albino Chao Coto	Concelleiro			Procesado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sobresemento provisional e a disposición da autoridade gubernativa.				
Manuel Coto Chan		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Conmutación a cadea perpetua. Previamente fuxido durante varios anos.				
<b>Forcarei</b>				
José María Taberneiro Fraiz		Concelleiro	PSOE	Asasinado
Morte en Alba-Pontevedra, na estrada Pontevedra-Compostela.				
Manuel Vieitez Firvida		Concelleiro		Encarcerado
Detido nos primeiros días do golpe por se declarar republicano				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Donoso Rodríguez Mariño	Concelleiro		PSOE	Encarcerado
Foi detido nos primeiros intres do golpe militar				
Sabino Mariño Pereira	Alcalde	Alcalde	PRR	Sancionado
Seguiu exercendo de alcalde despois do golpe. En 1937 xulgado en Pontevedra por auxilio á rebelión co resultado de sobresemento provisional e multa de 1000 ptas.				
José Graña Gulías		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Vitoria por tenencia ilícita de armas co resultado de sentenza a prisión 20 anos.				
Alfredo Iglesias Álvarez		Concelleiro	PSOE	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua e inhabilitación absoluta. Conmutación a 3 anos o 12-12-1942.				
Manuel Bugallo Iglesias		Concelleiro		Exiliado
Acusado de masón, foi extorsionado e perseguido. A súa muller foi maltratada polos falanxistas para que o descubriera. Tivo que se exiliar nos EEUU dende Lisboa no verán de 1937				

## Gondomar

Rogelio Lorenzo González	Concelleiro	Concelleiro		Procesado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de absolución.				
José Cribeiro González	Alcalde, Concelleiro		FETE-UGT	Sancionado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de absolución. Separado do servizo e baixa no escalafón o 24-07-1941.				
José Pequeño Rodríguez	Alcalde, Concelleiro	Alcalde		Exiliado, procesad
Conseguiu pasar a Portugal e dende Lisboa a Montevideo, onde se estableceu. Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de absolución.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
José Vargas Lorenzo	Concelleiro	Concelleiro	Partido Radic	Encarcerado
Xulgado en Vigo por excitación á rebelión co resultado de sentenza a prisión 9 anos.				

### Grove, O

José Besada Domínguez	Alcalde	Concelleiro		Fuxido
Padeceu persecución durante os primeiros meses da sublevación militar, pero aos poucos foi normalizando a súa presenza á fronte dos seus negocios, onde foi molestado máis dunha vez pero soubo ter unha actitude valerosa fronte aos piquetes falanxistas e cí				
Jacobo Barral Otero		Alcalde	PG	Encarcerado
Xulgado por adhesión á rebelión co resultado de sentenza a cadea perpetua.				

Anselmo Benavides Fernánd		Concelleiro		Encarcerado
Fuxido dende os primeiros días da sublevación. Tiña causas abertas en Ferrol por deserción (non se ter presentado a filas) co resultado de ser declarado fuxido e en rebeldía. Capturado e sentenciado a 5 anos de prisión menor.				

### Guarda, A

Roque Camilo Carrero Loren	Concelleiro		PSOE	Asasinado
Xuglado por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a pena de morte.				
Eduardo Pantaleón Saúl	Concelleiro	Concelleiro	PG	Encarcerado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.				

Enrique Vicente Silva		Concelleiro	PG, CNT	Encarcerado
Retido en prisión como inculpado se chegar a ser procesado.				

Honorio Brasilino Álvarez So	Concelleiro	Alcalde	PG	Asasinado
Xulgado por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Tui.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Juan Noya Gil	Concelleiro	Concelleiro	PG, CNT	Encarcerado
Fuxido na Guarda, entrégase o 23/05/1939 na DOP de Vigo. Xulgado en Vigo por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a prisión 20 anos.				
Juliano Díez Álvarez		Concelleiro	PG, CNT	Asasinado
Xulgado por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Tui.				
Manuel Noya Gil		Concelleiro	PG, CNT	Asasinado
Morte por disparos da "Fuerza Pública" en s. Xián-Oia.				
Ramiro Alfonso Castro Dono		Concelleiro	PG	Fuxido
Fuxido e agochado na casa de Manuel García Barros "Ken Keirades". Suspendido de emprego e soldo en setembro do 1936.				
<b>Lalín</b>				
Luis Frade Pazos	Concelleiro	Concelleiro	PSOE e UGT	Asasinado
Morte por disparos nun traslado. Previamente fora extorsionado, debendo pagar 5.100 ptas para evitar ser detido. Semella que foi morto e soterrado en Tenorio-Cotobade.				
Manuel Ferreiro Panadeiro	Alcalde	Alcalde	IR	Asasinado
Xulgado en Pontevedra por traizón co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra ás 5:30.				
José Rodríguez Silva	Concelleiro	Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a prisión 20 anos. Posteriormente conmutación a 3 anos de prisión menor.				
Jesús Golmar Rodríguez		Alcalde	PG	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perepetua e inhabilitación absoluta. Conmutación a 4 anos de prisión menor e excarceración en 1940.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Antonio Jar Dobarro	Concelleiro	Concelleiro	IR	Sancionado
Xulgado en Pontevedra por oposición ao movemento militar co resultado de absolución e multa de 20.000 ptas. Condonación da multa.				
Marcelino García Villar	Concelleiro		IR	Fuxido
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de declaración en rebeldía.				
José Blanco Otero	Concelleiro			Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Conmutación a cadea perpetua, sucesivas conmutacións e prisión atenuada en xullo de 1943.				
<b>Lama, A</b>				
Celso Justo Rivas	Concelleiro			Sancionado
Sancionado				
<b>Lavadores</b>				
José Caride Fernández	Concelleiro	Concelleiro		Asasinado
Rexistrado morto en Vigo a causa de feridas por hemorraxia cerebral. Lugar de aparición do cadáver: Naia-Lavadores-Vigo				
Ramiro Gil Rial	Concelleiro	Concelleiro		Procesado
Xulgado en Vigo por reunión clandestina co resultado de sobresemento provisional e a disposición do delegado de Orde Pública.				
José Antela Conde	Alcalde	Alcalde	PSOE	Asasinado
Xulgado en Vigo por traizón co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Vigo.				
Eugenio González Alonso	Concelleiro	Concelleiro	PSOE	Asasinado
Rexistrado morto en Vigo a causa de disparos de arma de fogo. Lugar de aparición do cadáver: Inmediacións do cemiterio de Bembrive-Vigo				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
------	----------------	-------------	-----------	-----------

Antonio Alonso Villar

Concelleiro

Asasinado

Preso en San Simón. Rexistrado morto en Vigo a causa de hemorraxia interna. Lugar de aparición do cadáver: Cabral-Lavadores-Vigo

## Marín

Antonio Blanco Solla

Concelleiro

Alcalde

PSOE

Asasinado

Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra, rexistrándose a súa causa de morte como hemorraxia interna.

Gonzalo Martín March

Alcalde

IR

Asasinado

Xulgado en Ourense por traizón co resultado de sentenza a pena de morte. Execución no Campo de Aragón-Ourense.

Luis Santiago Graña

Concelleiro

Concelleiro

IR

Encarcerado

Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.

Agustín Rey Fonseca

Alcalde

Concelleiro

PSOE

Sancionado

Acosado polos falanxistas e requisa do seu capital.

## Meaño

Víctor Trabazo Serapio

Alcalde

PSOE, UGT

Asasinado

Paseado. Incoado expediente de depuración co resultado de separación do servizo e baixa no escalafón en 1940

## Meis

José Manuel Arribas Hermid

Alcalde

Encarcerado

Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Prisión atenuada o 13-09-1940.



Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Camilo Abal López		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a prisión 6 anos 1 día. Posteriormente conmutación a 2 anos de prisión.				
Manuel Caamaño Fuentes		Concelleiro		Outros
Visitas constantes da Garda Civil				
Felix Martínez Padín		Concelleiro		Encarcerado
Algunhas persoas afirman que estivera preso na prisión central da illa de San Simón por motivos políticos aínda que non atopamos constancia documental.				
Hilario Vidal Fernández		Concelleiro		Exiliado
Emigrou a Tierra de Fuego, na República Arxentina, en 1925. Posteriormente volveu a súa terra natal. Ingresou no sindicato "A Fraternidade" en 1934. En 1936 era concelleiro do concello de Meis. Volveu marchar para Arxentina o 23 de setembro de 1936.				
José Manuel Roma Hermida	Concelleiro, Alcalde			Sancionado
Pertenceu á Comisión Xestora Municipal do concello de Meis trala proclamación da II República. Posteriormente foi concelleiro na primeira corporación republicana en 1931. En 1934 se convertiu no terceiro alcalde republicano. Foi deportado a Porriño por se				
Genaro Outeda Buceta	Concelleiro			Sancionado
Penso que é Genaro Outeda, que aparece nun grupo que o 19 de xullo de 1937. Multados con 25 pesetas polo Gobernador Civil por non cumprir o ordenador acerca do selo «Pro – combatentes»				
Peregrino Torres Tilve	Alcalde, Concelleiro			Sancionado
5 de novembro de 1938. Multa de 500 pesetas que o Servicio Nacional de Beneficencia e Obras Sociais do Ministerio de Interior impuxo por infrinxir as disposicións da aplicación do selo mencionado o veciño de Meis				
Manuel Barros Torres	Concelleiro			Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a prisión 12 anos 1 día. Posteriormente conmutación a 2 anos de prisión menor.				
<b>Moaña</b>				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Balbino Costa Costa	Concelleiro	Concelleiro	CNT	Exiliado
Exiliado a México.				
Francisco Fernández	Concelleiro	Concelleiro	PSOE	Asasinado
Morto o 04 de outubro de 1936. Dado por morto.				
José Fandiño Pidre		Alcalde	CNT	Asasinado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Vigo. Antes fora obrigado a entregar 25 ptas. á Falange de Moaña. Embárganlle a casa.				
José Paz Pena	Concelleiro		CNT	Asasinado
Estivo agochado e foi encarcerado. Morto en novembro de 1936 e fondeado no mar o seu cadáver				
José Saavedra Sartié		Concelleiro	CNT	Asasinado
Fuxira canda 17 veciños máis, detido en Marín, pero escapa da cadea. Non se sabe máis del, paseado en agosto de 1936.				

## Mondariz

José Troncoso Faro		Alcalde		Exiliado
Xulgado en Vigo co resultado de declaración en rebeldía. Exiliouse a Francia a través da España republicana. Tras estar no campo de refuxiados de Bram, rematou vivindo en Lyon.				
Severo Paramés		Concelleiro		Asasinado
Rexistrado morto en Mondariz a causa de lesións producidas por disparos de arma de fogo. Lugar de aparición do cadáver: Mondariz				
Dalmiro Mariño Blanco	Concelleiro	Concelleiro		Asasinado
Paseado, sen atoparse o seu cadáver. Previamente preso no campo de concentración da Illa de San Simón.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Antonio Alfaya Muñoz	Concelleiro			Encarcerado
Pasa unha tempada na cadea como inculpado sen chegar a ser procesado.				

José González Taboas		Concelleiro		Asasinado
Preso no campo de concentración da Illa de San Simón, onde é rexistrada a súa morte.				

## Mondariz-Balneario

José Barcia		Concelleiro		Asasinado
Rexistrado morto en Vigo a causa de hemorraxia interna. Lugar de aparición do cadáver: Monte do Castro-Vigo				

Cándido Troncoso Ucha	Alcalde, Concelleiro	Alcalde		Encarcerado
Detido en setembro de 1936, procesado e condenado a 12 anos de prisión				

## Moraña

José Montáns Ruibal		Concelleiro	CNT	Sancionado
Expediente de depuración co resultado de suspensión de emprego e soldo.				

## Mos

José Ricón Fernández		Concelleiro		Exiliado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de declaración en rebeldía ao ter fuxido a Bos Aires				

Salustiano Romero Rodríguez		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sobresemento provisional. Detido 3 meses.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Fermín Quijeiro González		Concelleiro		Asasinado
Morte rexistrada na estrada Vigo-Redondela, no Alto da Encarnación-Chapela-Redondela, a causa de feridas producidas por arma de fogo.				
Amante Pereiro Bernárdez	Concelleiro			Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Conmutación a 3 anos 8 meses e extinción da condea en 1940.				
Segundo Pampillón Rodríguez		Alcalde	IR	Procesado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sobresemento provisional.				
<b>Neves, As</b>				
Juan Pérez Alonso	Concelleiro			Sancionado
Expediente de depuración co resultado de suspensión de emprego e soldo.				
<b>Nigrán</b>				
Joaquín Iglesias Portela	Concelleiro	Concelleiro		Asasinado
Morte sen rexistro documental en San Xián-O Rosal.				
Manuel Alonso González	Alcalde, Concelleiro	Alcalde		Procesado
Xulgado en Vigo co resultado de sobresemento provisional.				
Manuel Sanromán García	Concelleiro	Concelleiro		Procesado
Xulgado en Vigo co resultado de sobresemento provisional.				
Severino Alonso Gonda	Alcalde			Encarcerado
Sometido a un Expediente de Responsabilidades Políticas, encarcerado e inhabilitado por pertenza á masonería				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
------	----------------	-------------	-----------	-----------

### Pazos de Borbén

Manuel Jesús Juncal Paredes	Alcalde	Alcalde		Asasinado
-----------------------------	---------	---------	--	-----------

Rexistrado morto en Vigo a causa de hemorraxia interna. Lugar de aparición do cadáver: Vigo. Será separado do servizo e baixa no escalafón despois da súa morte, en xaneiro do 1941

### Ponte Caldelas

Joaquín Briones Barca	Concelleiro			Sancionado
-----------------------	-------------	--	--	------------

Expediente de depuración co resultado de suspensión de emprego e soldo.

### Ponte Sampaio

Elías Malvar Graña	Alcalde			Sancionado
--------------------	---------	--	--	------------

Expediente de depuración co resultado de suspensión de emprego e soldo.

### Ponteareas

Antonio Barbeito Pérez		Concelleiro		Exiliado
------------------------	--	-------------	--	----------

Fuxe de Galicia e, en 1939, atópase en Barcelona, de onde recibe axudas dende Bos Aires para poder sobrevivir

Benito Casanovas Rodríguez	Concelleiro	Alcalde, Concelleiro	PSOE	Fuxido
----------------------------	-------------	----------------------	------	--------

Estivo un tempo agochado e rematou exiliado en México. Xulgado en Vigo por rebelión. Descoñecemos a sentenza.

Francisco González Martínez		Concelleiro		Asasinado
-----------------------------	--	-------------	--	-----------

Rexistrado morto en Vigo a causa de profusa hemorraxia interna. Lugar de aparición do cadáver: Vigo

Herminio González Covelo	Concelleiro	Concelleiro	PSOE	Procesado
--------------------------	-------------	-------------	------	-----------

Xulgado en Pontevedra co resultado de sobresemento provisional e a disposición do Delegado Militar de Orde Pública.

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
------	----------------	-------------	-----------	-----------

Manuel Piñeiro Groba	Concelleiro	Concelleiro	Agrario	Sancionado
----------------------	-------------	-------------	---------	------------

Expediente de depuración co resultado de suspensión de emprego e soldo.

Ramón Troncoso Fernández	Concelleiro	Concelleiro	PSOE, UGT	Procesado
--------------------------	-------------	-------------	-----------	-----------

Xulgado en Vigo por rebelión. Descoñecemos a sentenza.

Ricardo Boente Carrera		Concelleiro		Exiliado
------------------------	--	-------------	--	----------

Exiliado na Arxentina

### Pontecesures

Juan Jeremías Montero	Alcalde		IR	Exiliado
-----------------------	---------	--	----	----------

Pasa a guerra en territorio republicano, onde ocupa cargos como auxiliar de xulgado, e exíliase en México

### Pontevedra

Alberto Martínez Tiscar	Concelleiro	Concelleiro	Partido de Ce	Asasinado
-------------------------	-------------	-------------	---------------	-----------

Morte rexistrada en Bueu a causa de hemorraxia cerebral. Aparición do cadáver na beira do mar, en P. do Muiño-Beluso

Manuel Gama Casalderrey	Concelleiro	Concelleiro	PSOE	Encarcerado
-------------------------	-------------	-------------	------	-------------

Xulgado en Pontevedra por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a pena de morte. Conmutación a cadea perpetua e sucesivas conmutaciónes.

José Gallego Acuña	Concelleiro	Concelleiro	Agrario	Asasinado
--------------------	-------------	-------------	---------	-----------

Morte rexistrada en Pontesampaio-Pontevedra a causa de hemorraxia interna.

Francisco Tilve Rodríguez	Concelleiro	Concelleiro	PSOE	Encarcerado
---------------------------	-------------	-------------	------	-------------

Detención e a disposición do Xulgado Militar de Instrucción de Pontevedra

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Arturo Rey Juncal	Concelleiro		IR	Encarcerado
Detención no campo de concentración da Illa de San Simón.				
Manuel García Filgueira	Concelleiro	Concelleiro	PCE	Encarcerado
Fuxido ata o ano 1949. Entregouse e foi xulgado por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a prisión 12 anos, logo reducida a 2 e finalmente indultado.				
Bibiano Fernández Osorio-Ta	Alcalde	Alcalde	IR	Exiliado
Despois de ocupar varios cargos importantes na España republicana durante a Guerra Civil, pasou a Francia en 1939 e logo a México.				
<b>Porriño, O</b>				
José Rey Rodríguez		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.				
Ramón Pérez Cabaleiro		Concelleiro		Asasinado
Morte rexistrada na estrada de Salceda-O Porriño.				
Serafín Lorenzo Araujo	Concelleiro			Sancionado
Destituído do cargo de Xuiz Municipal suplente				
José Rodríguez Ríos		Concelleiro	IR	Encarcerado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.				
José Juan Teijeira Coto		Concelleiro		Asasinado
Morte rexistrada en Tui por disparo de arma de fogo.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
José Cordal Yáñez	Concelleiro	Concelleiro		Asasinado
Rexistrado morto en Salceda de Caselas a causa de combate mantido coa forza pública. Lugar de aparición do cadáver: parroquia de Budiño-Salceda de Caselas				

Cándido Pereiro Trelles	Concelleiro	Alcalde		Procesado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de absolución.				

Eduardo Fernández Miniño		Concelleiro		Asasinado
Estivo fuxido ata 1937, declarado en Rebeldía en causa militar, capturado cando tentaba pasar a Portugal e asasinado. Morte rexistrada a causa de hemorraxia interna traumática, ás 11, en As Insuas-Atios-O Porriño.				

## Redondela

Arturo Domínguez Sartorio	Concelleiro			Procesado
Xulgado en Vigo por auxilio á rebelión co resultado de sobresemento provisional.				

Francisco Darriba Pérez	Concelleiro			Encarcerado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.				

Joaquín Pais Lloréns	Alcalde			Sancionado
Expediente de depuración co resultado de suspensión de emprego e soldo.				

Pedro Otero Sestelo	Alcalde			Encarcerado
Detido en varias ocasións, interrogado e torturado				

Ramón Broullón Chapela	Concelleiro			Procesado
Xulgado en Vigo por auxilio á rebelión co resultado de sobresemento provisional.				



Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Serafín Alonso Veiga	Alcalde			Sancionado
Suspendido de emprego e soldo en setembro do 1936.				
<b>Ribadumia</b>				
Miguel Alba Fernández	Concelleiro	Alcalde	IR	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Prisión atenuada o 03-09-1940.				
Manuel Mougán Alfonsín		Concelleiro	IR	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Concesión da prisión atenuada o 3-9-1940.				
Enrique Pazos Casal		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Concesión da prisión atenuada o 6-9-1940.				
Ramón Serantes Padín	Concelleiro		IR	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Concesión da prisión atenuada o 11-9-1940.				
<b>Rosal, O</b>				
Manuel Nogueira Cruces		Concelleiro		Asasinado
Morte por disparos nun traslado de Tui a A Guarda. Aparición do cadáver en Sobrada-Tomiño.				
<b>Salceda de Caselas</b>				
Francisco Fandiño Piñeiro		Concelleiro	PSOE	Asasinado
Xulgado por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Tui.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
José Ramírez Vila		Concelleiro		Asasinado
<p>Rexistrado morto en Pontearreas a causa de traumatismos por disparos de arma de fogo. Lugar de aparición do cadáver: Punto denominado Caneiro na parroquia de Fozara- Pontearreas</p>				

### Salvaterra de Miño

Manuel Mariño Méndez	Alcalde	Alcalde	IR	Encarcerado
<p>Fuxe de Galicia e é detido en Monção, Portugal, sendo encarcerado durante meses en Lisboa. De alí logra fuxir a zona republicana e en 1939 atópase en Barcelona, de onde recibe axudas dende Bos Aires para poder sobrevivir. Exíliase e regresa a Galicia en 1</p>				

Abundio Ledo Gómez	Concelleiro	Concelleiro		Procesado
<p>Xulgado en Vigo. Descoñecemos a sentenza.</p>				

Jesús Pino Valado	Concelleiro	Concelleiro		Encarcerado
<p>Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.</p>				

José Domínguez González		Concelleiro		Asasinado
<p>Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Vigo, ás 11, rexistrándose a morte a causa de intensa hemorraxia interna.</p>				

### Sanxenxo

Teodoro Otero Reboredo	Alcalde	Alcalde		Procesado
<p>Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sobresemento provisional e posto a disposición do Delegado de Orde Pública.</p>				

Vicente Lores Cordo	Concelleiro	Concelleiro		Encarcerado
<p>Detención sen proceso xudicial. Tras a guerra, recluído nun batallón de traballadores. En 1948, ingresa en prisión en relación coa militancia clandestina.</p>				

### Silleda

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Emilio Deogracias Alonso Pa	Alcalde	Alcalde	IR	Asasinado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra.				
José Moreira Espiño		Concelleiro	PCE	Fuxido
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de declaración en rebeldía.				
Juan Fontao Varela		Concelleiro	IR	Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Conmutación e extinción da pena o 25-02-1941.				
Daniel Sánchez Mallo		Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Concesión da prisión atenuada o 11-8-1940.				
Antonio Costoya Ares		Concelleiro		Asasinado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Morte na fuga do Forte de S. Cristobal-Pamplona.				

## Soutomaior

Rogelio Landeiro Otero	Concelleiro	Alcalde		Procesado
Aberto un Expediente de Responsabilidades Políticas en 1942.				
Severino Reguera Amoedo	Concelleiro	Concelleiro		Procesado
Aberto un Expediente de Responsabilidades Políticas en 1942.				
Silverio Abal Castellano	Concelleiro	Concelleiro		Procesado
Aberto un Expediente de Responsabilidades Políticas en 1942.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Manuel Vidal Martínez	Concelleiro	Concelleiro		Procesado
Aberto un Expediente de Responsabilidades Políticas en 1942.				

## Teis

Julio Quirós Estévez		Alcalde		Encarcerado
Preso en San Simón, ao saír marchou para América. Xulgado en Vigo por auxilio á rebelión co resultado de sobresemento provisional.				

Manuel Andrade Moreira		Concelleiro		Sancionado
Detido xunto coa súa muller como promotores e organizadores dos acontecementos do 20 de xullo.				

Justo Conde Gutiérrez		Concelleiro		Sancionado
Obrigado a traballar nas obras do aeroporto de Vigo.				

Rogelio Cabaleiro Domíngue		Concelleiro		Sancionado
Obrigado a traballar nas obras do aeroporto de Vigo.				

José Martínez Covelo		Concelleiro	PCE	Exiliado
Exilado en Cuba e Arxentina desde 1936. Obxecto de Expediente de Responsabilidades Políticas en 1941.				

## Tomiño

Francisco Rodríguez Otero	Alcalde, Concelleiro		PG	Asasinado
Rexistrado morto en Mondariz sen causa da morte. Lugar de aparición do cadáver: Inmediacións da vila de Mondariz. Tiña causa aberta en Vigo por traizón co resultado sobresemento definitivo ao certificar que apareceu morto				

Daniel Calzado Poceiro	Concelleiro		Agrario	Exiliado
Exiliado en Arxentina.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Manuel Piñeiro Zúñiga	Concelleiro	Concelleiro		Asasinado
Morte por disparos de arma de fogo nas inmediacións da vila de Mondariz.				
Manuel Vicente Alonso	Concelleiro	Alcalde	Agrario	Encarcerado
Xulgado en Vigo por adhesión á rebelión co resultado de sentenza a pena de morte. Conmutación a cadea perpetua.				
<b>Tui</b>				
Francisco Guinde Puento		Concelleiro	CNT	Asasinado
Xulgado por traizón co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Tui, na explanada do Instituto de Segundo Ensino.				
Jacinto Fernández Lago	Concelleiro, Alcalde	Alcalde	IR	Sancionado
Obxecto dun expediente de responsabilidades políticas en 1941 e unha multa de 400 pts.				
Rogelio Páramos Gándara	Concelleiro	Concelleiro		Asasinado
Rexistrado morto en Vigo a causa de hemorraxia interna por disparo de fusil. Lugar de aparición do cadáver: Vía Pública-Vigo.				
Serafín Piñeiro Alonso	Concelleiro			Encarcerado
Xulgado por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a prisión 20 anos.				
José Pérez Alonso	Concelleiro	Alcalde		Asasinado
Xulgado por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Tui na explanada do Instituto.				
Guillermo Vicente de Santia	Concelleiro	Concelleiro	IR	Fuxido
Xulgado dúas veces en Vigo por rebelión militar co resultado de declaración en rebeldía.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Gumersindo Rodríguez Cost		Concelleiro	CNT	Asasinado
Morte no hospital de Pontevedra.				
Florencio Freiria Pumar	Concelleiro	Concelleiro		Encarcerado
Xulgado por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.				
Domingo Páramos Núñez	Concelleiro	Concelleiro		Asasinado
Morte rexistrada nas inmediacións da vila de Mondariz sen especificar a causa da morte.				
José Garra Garra	Alcalde, Concelleiro	Alcalde	IR	Procesado
Xulgado por rebelión militar co resultado de sobresemento provisional e a disposición do delegado militar de Orde Pública.				

### Valga

Celestino Carbia Campaña	Concelleiro	Alcalde	IR	Asasinado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra, rexistrándose a súa morte a causa de hemorraxia interna.				
Leoncio Viñas Menéndez	Concelleiro	Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua. Conmutación a 4 anos de prisión menor en xaneiro de 1941.				
Francisco Vázquez Rey	Concelleiro	Concelleiro	IR	Exiliado
Exiliado en América.				

### Vigo

Ramón González Brunet	Concelleiro	Concelleiro	PSOE e UGT	Asasinado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Vigo, ás 5:30, no cemiterio de Pereiró.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Waldo Gil Santosegui	Concelleiro	Concelleiro	PSOE e UGT	Asasinado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Vigo no cemiterio de Pereiró.				
José Caldas Iglesias	Concelleiro	Concelleiro	PSOE	Asasinado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Vigo, ás 11, no castelo do Castro, rexistrándose a morte a causa de intensa hemorraxia interna.				
Ignacio Seoane Fernández	Concelleiro	Concelleiro	PSOE	Asasinado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Vigo, ás 5:30, no cemiterio de Pereiró.				
Emilio Martínez Garrido	Alcalde	Alcalde	PSOE	Asasinado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Vigo, ás 5:30, no cemiterio de Pereiró.				
Egduño de Castro González	Concelleiro		Monárquico	Procesado
Procesado.				
Antonio Carballo Vázquez	Concelleiro	Concelleiro	IR	Asasinado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Vigo, ás 11, no castelo do Castro, rexistrándose a morte a causa de intensa hemorraxia interna.				
Enrique Blein Budiño	Alcalde	Concelleiro	IR	Fuxido
Xulgado en Vigo por rebelión co resultado de declaración en rebeldía. Tras estar fuxido acaba morrendo de cancro de estómago en estado de semi-abandono no Hospital Municipal de Vigo.				
<b>Vilaboa</b>				
Manuel Rodríguez Rios	Concelleiro	Concelleiro	PSOE e UGT	Encarcerado
Xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Conmutación a cadea perpetua.				

Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Avelino Ríos Carracelas	Concelleiro	Concelleiro		Procesado
Xulgado en Pontevedra. Descoñecemos a sentenza.				
Paulo Novás Souto	Alcalde		IR	Asasinado
Xulgado en Pontevedra por traizón co resultado de sentenza a pena de morte.				
Manuel Pérez Curra	Concelleiro			Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a prisión 6 anos.				
Emilio Conde Conde	Concelleiro	Concelleiro		Encarcerado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.				
Celestino Arosa Sanmartín	Concelleiro	Concelleiro		Procesado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de procesamento.				
<b>Vilagarcía de Arousa</b>				
Jesús Villaverde Rey	Concelleiro	Concelleiro	IR	Encarcerado
Preso no campo de concentración da Illa de San Simón.				
José Franco Bua	Concelleiro	Concelleiro	IR	Procesado
Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de absolución e a disposición do Delegado Militar de Orde Pública.				
José Otero Lago	Concelleiro	Concelleiro	FAI	Asasinado
Rexistrado morto en Pontevedra a causa de hemorragia interna. Lugar de aparición do cadáver: Pontevedra. Estaba preso en San Simón				



Nome	Cargo antes 36	Cargo na FP	Filiación	Categoría
Manuel Oubiña López	Concelleiro	Concelleiro	CNT	Asasinado
<p>Rexistrado morto a causa de colapso cardíaco. Lugar de aparición do cadáver en Pontevedra. Estaba preso en San Simón</p>				
Valentín Briones Rey	Concelleiro	Alcalde		Encarcerado
<p>Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a cadea perpetua.</p>				
Elpidio Villaverde Rey	Alcalde	Concelleiro	IR	Exiliado
<p>Fuxido no 1936. Causa aberta por adhesión á rebelión en Ferrol (fuxida do "San José nº 2" do Cabo de Cruz 07/1936) fuxido e en rebeldía e multa 10 millóns de pesetas. Exilio en Buenos Aires, onde morre en 1962</p>				
<p><b>Vilanova de Arousa</b></p>				
Manuel Chaves Dios		Concelleiro	PSOE	Encarcerado
<p>Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Conmutación a cadea perpetua e a 12 anos en xuño de 1943.</p>				
Francisco Reiriz Lago		Concelleiro	IR, CNT	Asasinado
<p>Xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra no Km.1 da Avda de Uruguay, rexistrándose a morte a causa de hemorraxia interna.</p>				